

Tribunal Supremo: é legal o goce da lactación acumulada e de seguido a excedencia por coidado de menor.

No Verbas Claras nº 24 do 26 de xullo de 2022 informabamos dunha sentenza do TS que decía que era legal o goce da lactación acumulada e de seguido a excedencia por coidado de menor.

Desde hai xa un tempo, tanto a administración, no caso da concertada, como moitas empresas no resto dos casos, levaban poñendo dificultades para coller a lactación acumulada e inmediatamente despois acceder á excedencia por coidado de menor a cargo.

Nesta [SENTENZA DO 22 DE XUÑO DE 2022](#) o TS déixao moi claro; non se pode descontar o salario dos días de permiso de lactación acumulada cando inmediatamente despois se disfrute dunha excedencia por coidado de menor a cargo.

Nunha nova [SENTENZA DO 22 DE FEBREIRO DE 2024](#) o TS reitera as mesmas argumentacións confirmando a sentenza núm. 202/2021, de 14 de xuño, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears.

A controversia radica en determinar se a persoa traballadora pode gozar ininterrompidamente da suspensión do contrato por maternidade (entendemos que tamén englobaría a de paternidade), da acumulación en xornadas da ausencia no traballo (lactación acumulada) e da excedencia por coidado de menor sen reincorporación ao traballo e prestación de servizos laborais antes de dita excedencia.

O Supremo entende e ratifica que , **“No caso de que o traballador inicie a excedencia por coidado de fillo e se lle detraia o salario, trataríase dun permiso non retribuído que non está previsto na norma. O empregador non pode facer detraccións económicas pola devandita causa, nin tampouco no suposto no que o contrato de traballo se extinga sen que a finalización do contrato sexa imputable ao traballador, despois de que gozase dese permiso.”**

POLO EMPREGO: TRABALLO E DIGNIDADE

A información para todas e todos

<https://snepdegalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>